



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FENE

##### Secretaría

*Aprobación de padróns fiscais correspondentes ao mes de maio do 2020 de SAF a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar*

##### ANUNCIO

**Asunto: aprobación padróns fiscais correspondentes ao mes de maio do 2020 de SAF a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar**

##### Anuncio de cobranza

Por Resolución da Alcaldía núm. 762/2021, do 30 de xuño, aprobáronse os padróns fiscais correspondentes ao mes de maio do 2020 de SAF a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar.

**Exposición:** os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 1 MES, a contar dende o día seguinte á publicación deste Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

Durante o periodo de exposición pública contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía.

##### Recursos:

Contra as débedas consignadas no padrón contributivo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer os seguintes recursos:

Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao mesmo.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da dita resolución, ou no prazo de seis meses a contar dende o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto, segundo establece o artigo 46.1 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Sen perxuízo de que poidan exercitar calquera outro que estime procedente.

**Período de cobro:** o prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses contados a partir do día seguinte á publicación no BOP. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

**Carga de recibos domiciliados:** os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

O que se anuncia e fai público para xeral coñecemento do presente EDICTO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación e 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Fene, 30 de xuño de 2021.

O alcalde

Asdo.: Juventino José Trigo Rey